

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O INICIO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE INTEROPERABILIDADE DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Consellería de Política Social o instrumento convencional arriba referido por un período de duración inicial de catro anos, dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa prórroga automática anual ata un máximo de catro anos, salvo renuncia formalizada por calquera das partes asinantes deste convenio con antelación á finalización do período correspondente.

Que o instrumento convencional ten por obxecto ten por obxecto o inicio da prestación do servizo de intercambio de datos da Renda de Inclusión Social de Galicia, a través do nodo de interoperabilidade de Galicia pasaXe!, de conformidade co establecido no presente acordo e na normativa aplicable na materia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte en que lle corresponden á Amtega, segundo o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, as competencias para o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e



a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, a Consellería de Política Social, segundo o Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería Social, crea a Dirección Xeral de Inclusión Social que, como órgano de dirección, asume a responsabilidade na consecución dun maior impulso no deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios.

As normas básicas reguladoras do procedemento administrativo e o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, asumen que unha das principais necesidades para avanzar na administración electrónica é poder interoperar entre sistemas evitando pedir ao cidadán a achega de documentos emitidos polas Administracións públicas.

A cooperación entre administracións públicas é esencial para garantir o dereito que teñen os cidadáns de relacionarse con elas por medios electrónicos e non achegar documentos que obren no seu poder.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público prevé, no seu artigo 14, que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre si, formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia. Asemade a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, recolle no seu artigo 47.2, b) os Convenios intradministrativos asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública.

É evidente pois, que o presente convenio ten un carácter de interese público, en atención ao obxectivo último de facilitar o intercambio de datos e documentos entre administracións de forma electrónica e, así, evitar pedir ao cidadán a achega de documentos emitidos polas Administracións públicas.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

